

Día Escolar pola Paz. Un pleno moi musical

M.^a Jesús Yebra Folgueral

Profesora de Música, IES Antonio Fraguas (Santiago de Compostela)

folgueral@edu.xunta.es

A nosa participación no Pleno do Parlamento de Galicia deunos a posibilidade de compartir os valores relacionados co dereito a vivir. Cunha guitarra, un óboe, unha frauta traveseira e a súa propia voz, catro alumnos pediron que o mundo fose diferente, que cesase a violencia e que se respectase o dereito á vida. Preparáramos a canción na clase de Música e con ela pechamos un acto no que tamén estiveron outros institutos de Santiago.



Fotografía tirada dunha recensión de prensa (El Correo Gallego, 02/02/2007)

Fotógrafo: Ramón Escuredo

Durante o curso 2006-2007, e por segundo ano consecutivo, o Consello Escolar do noso centro, a proposta do Claustro de profesores, aproba que se adopte como tema transversal para ese período "A convivencia pacífica". A partir dese momento, os distintos departamentos reúnen para planificar actividades que incidan na consecución de tan prezado obxectivo.

O Departamento de Música súmase á iniciativa e, como viña sendo habitual en anos anteriores, programa un Recital pola Paz para o día 30 de xaneiro. Tamén se incluírían entre as actividades proxectadas polo departamento, "Música do Nadal", os disfraces con música do "Entroido" e o recital do Día das Letras Galegas no período final do curso.

Para levar a bo termo estes traballos tivemos que superar algunhas dificultades porque no noso centro non dispoñemos de salón de actos e isto dificulta enormemente os ensaios e actuacións. Non obstante, saímos adiante, grazas á colaboración do profesorado e do alumnado, e conseguimos encarrear o noso esforzo cara á mellora da convivencia, sempre coa música como pano de fondo e en sintonía co proxecto asumido por todo o centro.

Como se desenvolve a experiencia

Á vez que relacionabamos a música coas outras linguaxes e a súa función nas distintas producións artísticas e medios de comunicación, os alumnos e as alumnas achegaban as súas ideas e participaban con autonomía e responsabilidade na organización e desenvolvemento das actividades.

Formamos grupos colaborativos e pedímoslles que fixesen propostas para traballar a convivencia a través da música. De aí xorde o que logo sería "Hoxe pedimos nós", a canción que centra esta experiencia e que chegou ao Parlamento Galego.

Na clase de Música de 3.º de ESO tratamos contidos transversais arredor do Día da Paz, para o que deseñamos o seguinte plan:

- 1º. Seleccionar algúns eventos musicais, actuais e do pasado.
- 2º. Analizar se estes xeran conflitos, se os sortean, os resollen ou os evitan.
- 3º. Poñer en común as achegas e conclusións de cada un na clase.

Respecto ao debate que se xera arredor do contido do texto da canción, as alumnas e os alumnos barallaron varias propostas. Unha delas consistía en engadir novas estrofas. As letras novas facíanse na clase, retocabámolas entre todos e revisábaas unha compañeira lingüista, que mesmo asistiu a algún ensaio e cantou con nós.

Os alumnos concienciábanse de que coa música, ademais de comunicarnos e expresarnos, contribuímos a mellorar a relación entre as persoas.

Para levar esta idea á práctica, o alumnado de 1.º e 2.º de bacharelato, e de 3.º de ESO, comprométese a organizar e participar no Recital do Día da Paz. Neste contexto xorde a canción que titulamos “Hoxe pedimos nós”, o noso particular arranxo da coñecida canción “Só lle pido a Deus” de León Gieco, popularizada no noso país por Ana Belén e Antonio Flores. Adaptouse e perfilouse en función dos cantantes e instrumentistas dispoñibles: teclado, guitarras, frautas, saxofón alto, placas e pequena percusión para a súa interpretación no recital de xaneiro do 2006.

Estabamos traballando na súa adaptación, cando nos chega o convite para participar no Pleno escolar do Parlamento Galego. Tratábase dunha intervención que “debería durar menos de 3 minutos e ter catro relatores ou intérpretes como máximo”. A idea catívanos decontado. Seleccionamos un cuarteto, que acepta a gran responsabilidade, e o xoves 2 de febreiro represéntanos cunha versión reducida do tema citado.

Paralelamente continuamos coa preparación do Recital pola Convivencia e a Paz. O día 31 de xaneiro, no salón de actos do local socio-cultural de Fontiñas, o noso barrio, case un cento de asistentes interpretaron esta e outras cancións

elaboradas para a ocasión, abrindo a participación a todo o alumnado e público presentes.

Ao día seguinte, e sen case tempo para ensaiar, citan o cuarteto co obxecto de realizar unha breve proba de son. Tamén nos indican a posición que ocuparemos no hemiciclo durante o pleno. Na primeira fila, no extremo máis próximo ao estrado, estarán os catro intérpretes cos seus instrumentos listos, e a continuación a profesora con outros dous alumnos. Ademais os seus compañeiros de 1.º de bacharelato xunto ao alumnado doutros oito institutos de Santiago, situaranse nos asentos que ocupan habitualmente as deputadas e os deputados parlamentarios.

E chegou o día...

A presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino e outros representantes políticos baixan dende a mesa presidencial para saudar o alumnado, á vez que reciben a Laura Sánchez Piñón, a nosa conselleira de Educación, que senta entre os alumnos.

Despois da proxección do documental “+ convivencia = – violencia”, a presidenta abre a sesión dándolle a palabra a Calo Iglesias Díaz, membro fundador do Seminario Galego de Educación para a Paz, que nos fala de “educación para unha convivencia democrática e a cidadanía”, e dos desafíos para atopar “alternativas aos problemas escolares e sociais do s. XXI”.

Deseguido comezou a rolda de intervencións dos alumnos. Martín do IES Monte de Conxo, empezaba a súa exposición falando sobre as distintas definicións do termo paz; Adrián, do IES Lamas de Abade, relacionou a paz cun día no que non fosen necesarias estas reunións; Elisa, do IES Arcebispo Xelmírez I, recitou un poema onde escorrentaba os corvos da guerra; Adriana, do IES A. Xelmírez II, propoñíanos unha vida en convivencia e harmonía integradora; Rubén, do instituto de Pontepedriña, formulábanos como se pode xustificar tanta mala convivencia no mundo; Elba, do IES do Sar, comentaba o que non era paz ata chegar ao verdadeiro significado do termo; Ivanna, do IES Compostela, reflexionaba sobre o feito de encontrarnos alí reunidos; Margarida, do IES de Fontiñas, comparaba o concepto guerra con moitas situacións cotiás da nosa sociedade.

Para pechar o acto, a presidenta do Parlamento dixo o seguinte: “Dámoslles a palabra a: Martina Mella, voz; Sara Fernández, óboe; Miguel Guerra, fruta traveseira e Carlos Manuel Iglesias, guitarra, que interpretarán un arranxo feito no seu centro e que se titula:

“Hoxe pedimos nós”.

Comezaba a nosa intervención con estas estrofas:

Hoxe pedimos nós
que ao fin a violencia cese
que se escoite a voz do inocente
por enriba do silencio da outra xente.

Hoxe pedimos nós
que a paz no mundo é o máis urxente
que o dereito á vida libremente
non se esqueza, respectémolo sempre!

Por último, interviñeron os representantes dos grupos parlamentarios, que pecharon o Pleno e salientaron, entre outras cousas, a importancia desta conmemoración e que “os verdadeiros protagonistas do acto, aos que van dirixidos todos os nosos esforzos, son os alumnos e alumnas”.

Aínda tendo en conta a emoción da experiencia vivida no Parlamento, hai que destacar a importancia do traballo previo, que é o que xerou un ambiente de traballo e de relacións, sen o cal non se conseguiría o resultado final. Ademais da actividade desenvolvida cos elementos propios da linguaxe musical, de tímbrica, dinámica, interpretación, expresión, os alumnos ían concienciándose de como a música reforzaba as relacións e o sentimento de grupo. Os protagonistas persoais cedían espazo ao traballo compartido, e isto creaba un ambiente de actividade que avivaba o seu potencial creativo.

Valoración da experiencia

A nosa intervención no Parlamento adquire un interese especial, en tanto que serve para consolidar os lazos de relación no grupo. O traballo compartido conseguiu remexer sentimentos e implicar a todos os asistentes ao acto. Tamén logramos establecer relacións moi gratificantes entre os docentes. Os compañeiros do departamento e outros profesores uníronse con entusiasmo e esforzo á organización dos diferentes recitais.

A actividade que acabamos de describir liga coa traxectoria seguida por este departamento, que ano a ano procurou contextualizar os contidos na procura de que a música forme parte do medio de expresión do alumnado. Diso dan boa mostra algúns exemplos que no pasado motivaron outras composicións e actuacións, e que pertencen ao noso arquivo musical



Ao saír do Parlamento tivemos a impresión de que con este traballo se reforzaran as relacións no grupo

como a “Roda de blues” dedicada ás vítimas do tsunami de Nova Orleáns (2005); “Un mundo mellor” aos nenos vítimas das guerras (2004); “O noso cantar de Nadal”, aos damnificados do Prestige (2002); “Himno do Fraguas” (2000), a todo o colectivo do instituto, “Dende as Fraguas”, in memoriam do noso mentor Antonio Fraguas (1999); “Musical Words”, ao alumnado do Fraguas (1998), etc.

Bibliografía

- ALSINA, P. (1997)
El área de educación musical. Barcelona, Graó.
- CAMPO, P. (1997)
La música como proceso humano. Salamanca, Amarú.
- CRIPPS, C. (1999)
La música popular del S. XX. Madrid, Akal.
- PORTA NAVARRO, A. (2007)
Hablemos de educación, hablemos de música. *Eufonía* (40) 87-98.
- ROJAS MARCOS, L. (2007)
La autoestima: nuestra fuerza secreta. Barcelona, Espasa Calpe.
- SANTOS REGO, M. A. (1999)
Aprendizaxe cooperativa e rendemento escolar: balance de perspectivas para a innovación educativa. *Revista Galega do Ensino* (24) 305-321.
- TRÍAS, E. (2007)
El canto de las sirenas. Argumentos musicales. Barcelona, Galaxia/Gutenberg.
- TRILLA BERNET, J. (1999)
A Educación non formal e a cidade educadora. Dúas perspectivas (unha analítica e outra globalizadora) do universo da educación. *Revista Galega do Ensino* (24) 199-221.